

Francisco Singul é historiador da arte, comisario de exposicións e xefe de área de Cultura Xacobeá da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, Xunta de Galicia.

Doutorado con premio extraordinario cunha tese sobre a arquitectura da Ilustración na cidade de Santiago, desenvolve a súa actividade profesional como investigador, coordinador de congresos, programas e libros colectivos, comisario de exposicións, investigador e divulgador do Camiño de Santiago.

É autor de varias monografías de materia xacobeá, capítulos de libros e un gran número de artigos aparecidos en revistas especializadas e actas de congresos de diversos países de Europa e América. Así mesmo, é profesor convidado no Máster Interuniversitario da USC-Universidad de Las Palmas de Gran Canaria sobre Xestión do Patrimonio Artístico e Arquitectónico, Museos e Mercado da Arte. Tamén colabora como profesor nos Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela.

Foi xefe de redacción da revista *El Extramundi y los Papeles de Iria Flavia* no bienio 2010-2011. É académico de número da Academia Auriense-Mindoniense de San Rosendo e membro do Consello de Redacción de *Rudesindus. Miscelánea de arte y cultura*. Pertence ao Consello de Redacción, Sección Estudios Xacobeos, de *Compostellanum*, e é secretario de *Ad Limina, revista de investigación sobre o Camiño de Santiago e as peregrinacións*, publicación anual da Xunta de Galicia vinculada co Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago.

Ademais de preocuparse por ofrecer unha visión de conxunto do fenómeno xacobeo, desenvolve liñas de investigación sobre mentalidade e peregrinación, iconografía e cultura.

Entre os seus traballos podemos citar:

1. *O Caminho de Santiago. A Peregrinação Ocidental na Idade Média*, Rio de Janeiro, Universidade do Estado, 1999
2. *Historia Cultural do Camiño de Santiago*, Vigo, Galaxia, 1999
3. *Roma y Santiago, caminos de peregrinación. El Camino Portugués y la Vía de las Siete Iglesias*, Santiago-Roma, Instituto de Desarrollo Comunitario de Galicia/Comune di Roma, 2001
4. *La Ciudad de las Luces. Arquitectura y urbanismo en Santiago de Compostela durante la Ilustración*, Santiago, Consorcio de la Ciudad, 2001
5. *Il Cammino di Santiago. Cultura e Pensiero*, Roma, Carocci, 2007
6. *Camino de Santiago*, Tokio, Engine Room, 2008
7. *El Camino de Santiago. Cultura y pensamiento*, Santiago, Bolanda, 2009
8. *Vino y cultura medieval: Galicia y los caminos de Santiago*, Lugo, Apepsa, 2010
9. *Diego Gelmírez, señor de Torres de Oeste*, Madrid, Ibersaf, 2015
10. *El Camino Francés en el Códice Calixtino*, Santiago, Andavira, 2016
11. *Camino que vence al tiempo. La peregrinación a Compostela*, Madrid, Europa Ediciones, 2020